

Neve | 1987

v.1

Proyecto documental-experimental





Sinopse:

Áchanse dúas cintas de Vídeo Hi8 no Instituto da Sangriña da Guarda. As cintas aparecen cun rótulo: “Neve | 1987”. Pablo Lomba un alumno de último ano do instituto vai facer todo posible para intentar saber de onde saíron esas cintas, que imaxes conteñen e quen as gravou.



Idea:

A idea desta curta experimental é a de por en valor o patrimonio audiovisual como elemento caleidoscópico que permite un achegamento múltiple a unha sociedade de determinada etapa histórica. O interese do material atopado non está na calidade formal da gravación senón en como se produciu esa gravación. A parte do evento ou das cousas reflectidas nestas imaxes prodúcese un aporte documental significativo que leva, a quen as ve, a interrogarse sobre onde se graba, que o graba, que sae na gravación, en que escenarios, porque se graba, en que formato se graba, de onde saiu a cámara... Unhas perspectivas poliédricas consustanciais á natureza da chamada “institución cinematográfica”. Unhas preguntas que fácilmente poden constituír os soportes necesarios para elaborar un documental que posúe como senso a revelación de toda esta información. Unha acumulación de dúbidas e suposicións que o que fan é que o espectador estableza unha ratención por onde conducirá a “investigación”. Unha espera que se recompensará co visionado final das imaxes.



Protagonistas:

O *mcnuffin* da historia vai mudando, desde saber de onde veñen estas cintas, se teñen algo grabado, se o seu estado é bo, quen son os protagonistas da película, cales son os escenarios e que reflecten as imaxes. Distintos elos dunha procura que guiará ao espectador por unha serie de dúbidas e de información complementaria que acompaña sempre á realización dun “feito fílmico”. Mais ao final se desvelará como o protagonista da gravación é a propia natureza do medio. E non só o analóxico senón tamén toda a variedade de formatos audiovisuais marcadas pola deriva tecnolóxica da nosa sociedade.

Anécdota:

O elemento engaiolador (a nivel plástico) é unha fortísima nevada que cae na Guarda no ano 1987. Este feito se redimensiona aínda máis polo excepcional do fenómeno metereolóxico xa que esta vila pontevedresa está ao carón do mar e as nevaradas, polo tanto, son moi pouco frecuentes. Este dobre efecto tiña que ser suficiente para que fiquen lembranzas nos seus habitantes que viviron esa especial xornada. Dito isto se intenta afondar na memoria, se intenta recoñecer os lugares e os protagonistas mas o elemento máis efectivo para provocar a memoria -a pesar da pouca calidade (comparado coas imaxes actuais)-, sigue sendo a imaxe audiovisual.



1. INT. AULA. DÍA.

Sobre a superficie dun pupitre de cor verde hai dúas cintas vellas de vídeo Hi 8. Están abertas, algo separadas da caixa de plástico.

Escoitanse voces de rapaces berrando e falando polo pasillo.

PABLO LOMBA (en off, lendo)
Atopámonos diante de dúas cintas magnéticas de vídeo. Segundo aparece sinalado nas pegatinas e na caixa son dun formato chamado Hi 8. Seica é unha variación do vídeo VHS que foi gañando en calidade de imaxe e, sobre todo, en portabilidade. Segundo Internet este formato apareceu nos últimos anos dos 80 -antes de que eu nacera-, mais, axiña, deixou paso a outros formatos que tiveron mellor acollida no mercado, por exemplo o Digital 8 e, finalmente, o MiniDV.

Plano detalle do escrito no papel da caixa.

PABLO LOMBA (en off, lendo)
Destas cintas apenas sei nada, so sei o que se indica escrito na caixa: "Neve | 1987".

2. EXT/INT. AULA. DÍA.

[Poden ser imaxes de móvil, ou imaxes de MiniDV acelerada.
Música de Urro]

Imaxes de Pablo entrando no Instituto da Sangriña. Primeiro se ve a entrada principal, logo atravesas as portas e atravesas o vestíbulo.

No interior parece que están no recreo. Hai moito balbordo. Rapaces e rapazas atravesan o espazo.

Pablo se queda quieto, mira para un lado e logo para outro. Ata que ao final se decide e encamiñase cara unha porta no que hai unha cartela que pon "DIRECTORA".

3. INT. DESPACHO DIRECTORA. DÍA.

Entrevista coa directora do instituto. Esta sentada na mesa e fala dunha maneira moi ilusionante.

Faiselle as seguintes preguntas:

-Onde estaban esas cintas?

-De que ano son?

-Que imaxes conteñen?

-Sabese quen as gravou?

As contestación son suposicións, nada fixo e tanxible. Comenta que estaban nun caixón, que segundo incidca a cinta cree que é do ano 1987, que as imaxes conteñen neve e que pode ser unha viaxe escolar a Cabeza de Manzaneda, e non sabe quen as grabou. Ao final comenta algo sobre a iniciativa da Xunta e Galicia: "Vídeo na escola", do ano 1985. Finalmente anima a Pablo a saber máis sobre as cintas.

4. INT. AULA DE INFORMÁTICA. DÍA.

Pablo busca por Internet.

Pon en google: "vídeo nas escola" e leva directo ao nome de Manolo González.

Atopa o seu correo nunha páxina web e lle manda un mail.

5. EXT. PATIO DA SANGRIÑA. DÍA.

No patio do instituto están xogando un partido de fubito.

Pablo está granvando o partido desde a cámara dos seu móvil.

PABLO LOMBA (en off, lendo)

Pregúntome que haberá nas imaxes. Supoño que ao mellor imaxes como estas... Pero doutra época.

Imaxes do partido tomadas co móbil.

6. INT. AULA DE INFORMÁTICA. DÍA.

Na conta de correo de Pablo ten un correo de Manolo González. Que o empraza a conectarse a web cam.

Pablo actúa con dilixencia e reconecta de seguido coa sorte de que Manolo González está enchufado.

PABLO
Gracias Manolo por contestar tan rápido.

MANOLO
De nada, ou! Que erá iso ue me contabas desas cintas.

PABLO
Pois que e atopou dúas cintas de video Hi8 e quería saber de quen podían ser e que pode haber nelas.

MANOLO
Pois eu lembro que A Sangriña foi un dos institutos que se acolleu na iniciativa de "Vídeo nas aulas". Daquela, estamos a falar dos anos 1986-87, cada instituto facía pequenos documentais ou curtametraxes de ficción. Ao mellor hai algunha película dese tipo.

Pablo asente.

PABLO
Moitas gracias, Manolo!

MANOLO
De nada. E boa sorte.

Pecha comunicación por web cam.

7. INT. ESTUDIO DE FOTOGRAFÍA. DÍA.

O fotógrafo analiza as cintas con meticolosidade.

FOTÓGRAFO

Umm... este é un formato de vídeo moi sensible. Pode que todos os seus contidos estén borrados. Eu de ti iría a "telecinar" as cintas e a ver se tes sorte. (Comeza a escribir nun papel). Aquí non podo facercho mais coñezo un sito en...

8. INT. AUTOBÚS. DÍA.

[Música Hardcore ou de Urro, pode ser a mesma de antes]

Pablo está sentado nun asento dun autobús.

Ten a mirada vendo a paisaxe pasar frenéticamente.

9. EXT. ALGALIA DE ARRIBA. DÍA

Pablo está na rúa, á altura do baixo do número 14 e se detén diante do que parece ser un estudio de fotografía. O local chámase "Máis fotografía".

Mira a nota escrita e pasa para dentro.

10. INT. LOCAL DE TELECINADO. DÍA

Pablo lle ensina a Domingo Rojas, o propietario do local as cintas.

Este as observa.

DOMINGO

Imos ver como están as cintas. A ver se aínda conservan o seu tesouro...

Pablo observa todo o local con curiosidade e logo se fixa no proceso metódico e coidadoso.

PABLO (en off)

Parece que todo está no aire. Pode non haber nada.

Domingo segue fedellando.

DOMINGO

O que me supuña... Esta cinta pola humidade virou toda en azul. Mágoa! Imos ver a outra se hai máis sorte.

Pablo se fixa con detalle.

PABLO (en off)
Vaia todo os esforzos para nada. Parece que aquí se vai acabar a historia.

Domingo mete a outra cinta e con Pablo queda mirando a pantalla do televisor.

DOMINGO
Esta sí. Se ve. Menuda nevarada!

Pablo mira para Domingo e sorrí.

Fundido en negro.

11. INT. ANÁLISE METEREOLÓXICO. DÍA.

[Esta secuencia está pendente de que se conegue a un especialista en metereoloxía. Pode ser un presentador dun programa do tempo dalgunha canle de televisión, algún experto metereólogo ou ir a procurar a colaboración de Meteogalicia. Dependendo quen acepte colaborar pois se organizará a posta en escena da secuencia: diante dunha pantalla en croma (conectado ou desconectado), nun despacho, nunha oficina, ou unha entrevista ao aire libre. O ideal é que este fragmento parezca pois un corte televisivo onde un experto fala sobre o fenómeno metereolóxico]

Fala un home do tempo.

METEREÓLOGO
O 23 de xaneiro de 1987 produciuse unha gran envarada en case toda a Península Ibérica, nevando en cotas ao caron do mar. Unha vaga de aire frío procedente de Siberia chegou a Galicia colisionando cun frente con precipitacións que causou unha famosa e sembrada nevarada. Unha nevarada cuantiosa e intensa. Unha nevarada especial que chegou ao nivel do mar en toda Galicia.

12. EXT. COSTA DA GUARDA. DÍA.

Imaxes de ondas do mar partindo contra as pedras da costa.

13. EXT. RÚAS DA GUARDA. DÍA

Pablo entrevista a xente da Guarda e lle pide se lembran a nevarada do ano 1987.

As respostas son moi indefinidas, algunhas lembranzas soltas. A fraxilidade da memoria.

Fundido a negro

14. FOTOS DE NEVADAS HISTÓRICAS NA GUARDA.

Sucesión de fotos vellas sobre nevadas na Guarda.

Fotos de distintos tamaños e cores e realizadas desde distintas localizacións.

PABLO (en off)

Esta claro que a memoria humana non é tan precisa como a capacidade para inventar trebellos que a axuden a non esquecerse da fugacidade do presente. A mente humana é moi selectiva e prioriza unhas lembranzas sobre outras. Uns momentos do pasado que recorren á seguridade documental do mundo das imaxes.

Fundido a negro

15. IMAXES AMPLIABLES.

Intentos de capturar imáxenes e ampliar los rostros dos protagonistas.

PABLO (en off)

Faltábame coñecer a identidade dos protagonistas destas imaxes. Gustaríame preguntarlle a eles en concreto que lembran da envarada e, sobre todo, se lembran a cámara que os estaba a grabar.

PABLO (en off)

Teño as caras mais fáltanme os nomes. Saber quen son. Habería que remexer nos expedientes de cada alumno daquela altura. Ver as fotos e ter a sorte de recoñecelos. Rapaces que foron os protagonistas dunhas imaxes esquecidas. Agora volven a vivir. Je, je, a través de Pablo.

16. EXT. ZONAS DA GUARDA. DÍA.

Imaxe do patio do patio da Sangriña de EXB.

PABLO (en off)

Non teño os seus nomes mais eños os espazos que habitaron. Espazos que aínda son recoñecidos no presente.

Imaxe do Centro Cultural.

Imaxe do Cine Alvi.

Imaxe da esquina do Café Suízo.

Imaxe da parte de arriba da Alameda.

Imaxe da parte dábaixo da Alameda.

16. EXT. RÚA DA GUARDA. TARDE-NOITE.

Móntase un canón para proxectar as imaxes da nevarada nunha parede branca.

Se prepara todo a técnica: o prolongador na procura da electricidade, o canon, o ordenador...

Encéndese o ordenador e se sintoniza o canón.

Comeza a proxección en bucle.

Moita xente se queda mirando. Sinala co dedo. Comenta.

Fundido a negro

16. IMAXES DA NEVARADA.

As imaxes da nevarada en 1987.

Fundido encadenado.

17. IMAXE DE NEVE DE TV.

Cada vez se esoita máis e hai un leve fliqueo.

Fundido en negro

Títulos de crédito.
[canción de Urro]

FIN

